



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Educación Física na Educación Secundaria

Materia	A Educación Física na Educación Secundaria			
Código	P02M066V03213			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	1c
Língua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Profesorado	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Correo-e	myalva@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

Esta materia aborda aspectos xerais relativos á evolución da educación física, aos diferentes marcos de referencia que tivo e ás variacións no seu obxecto de estudo, partindo de concepcións pasadas ata chegar aos significados e formulacións actuais da mesma. Así mesmo, e a través dunha perspectiva educativa, desenvólvese a historia desta materia no sistema educativo, estudando como evolucionaron as intencións e funcións da educación física na escola.

A materia supón o punto de partida para coñecer, non só o contexto histórico e conceptual, senón tamén o curricular. Deste xeito, destinaremos parte da materia ao estudo da evolución do currículo da educación física, neste caso concreto, na Educación Secundaria.

Por outra banda, tal e como se especifica na descrición dos contidos desta materia achegada na memoria para a solicitude de verificación do título, profundaremos no traballo docente en equipo, en como se pode e debe traballar de maneira conxunta nesta etapa educativa en relación coa educación física.

Finalmente, traballaremos con especial dedicación a atención á diversidade do alumnado, enfocada á educación física na Educación Secundaria; en primeiro lugar, profundaremos no seu coñecemento/compreensión e na variedade de colectivos que se integran dentro deste concepto, para abordar posteriormente, e de forma moito máis concreta, o traballo con certos grupos de interese, realizando experiencias prácticas e de investigación.

Competencias

Código

- | | |
|----|---|
| B1 | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente. |
| B2 | Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos. |

- B3 Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
- B4 Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
- B6 Diseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
- B7 Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
- B8 Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
- B9 Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos
- B14 Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
- B17 Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
- B18 Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
- C1 Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
- C2 Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
- C3 Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
- C4 Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
- C6 Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
- C8 Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
- C10 Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- C14 Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
- C15 Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
- C16 Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
- C17 Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
- C18 Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
- C20 Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
- C22 Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- C24 Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
- C25 Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
- C26 Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
- C27 Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
- C28 Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
- C29 Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
- C30 Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
- D1 Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
- D2 Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
- D3 Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
O alumnado será capaz de comprender e analizar cuestións diversas derivadas do coñecemento da educación física, da súa evolución e estruturación, reflexionando sobre os significados pasados e actuais da mesma e as súas consecuencias pedagóxicas e sociais.	B1 B4 B8	C6 C10 C14 C15 C16 C29	D1 D2 D3

O alumnado será capaz de coñecer a historia da educación física no sistema educativo, analizando a evolución do seu modelo curricular no ensino secundario.	B1 B2 B14	C6 C16	
O alumnado será capaz de comprender a importancia do traballo docente en equipo e de examinar diferentes técnicas de aplicación en educación física no ensino secundario.	B17	C10 C25 C26	D3
O alumnado será capaz de valorar a atención á diversidade en educación física, deseñando e executando propostas prácticas innovadoras e construtivas.	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B18	C1 C2 C3 C4 C8 C10 C14 C15 C17 C18 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C28 C29 C30	D1 D2 D3
O alumnado será capaz de deseñar e expor en público un traballo relacionado cos contidos da materia, utilizando diferentes técnicas de procura bibliográfica e novas tecnoloxías.	B4 B17 B18	C3 C15 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C29	D1 D2 D3
O alumnado será capaz de participar de forma activa na resolución de problemas expostos na materia.	B4 B9 B17 B18	C3 C4 C26 C27 C28 C30	D2

Contidos

Tema	
BLOQUE 1.	Consideracións xerais en torno ao coñecemento da educación física; evolución e desenvolvemento das distintas concepcións e do seu obxecto de estudo. Estructuración do coñecemento sobre educación física.
BLOQUE 2.	A educación física: natureza e significado actual.
BLOQUE 3.	A educación física no sistema educativo: historia da educación física no sistema educativo e evolución das funcións da educación física escolar.
BLOQUE 4.	Evolución do modelo curricular da educación e da educación física escolar: marco curricular da educación física no ensino secundario.
BLOQUE 5.	O profesorado, traballo docente en equipo. A atención á diversidade do alumnado. Procedementos e técnicas específicas para o traballo en educación física no ensino secundario.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	8	10	18
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20
Traballo tutelado	8	15	23
Estudo previo	0	25	25
Prácticas de campo	8	10	18
Traballos de aula	8	20	28
Lección maxistral	7	20	27
Traballo	0	30	30
Presentación	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Durante as clases presenciais e tamén a través da plataforma realizaranse pequenos exercicios
Prácticas autónomas a través de TIC	A través da plataforma virtual o alumnado terá acceso a algúns documentos da materia así como a un espazo para realizar tutorías virtuais e desenvolver actividades se así se expuxesen
Traballo tutelado	Elabórase en grupo ou de forma individual un documento sobre a temática da materia. O seguimento dos traballos será realizado a través das titorías que poderán ser individuais ou grupais dependendo do número de estudantes matriculados/as
Estudo previo	Búsqueda, lectura e traballo de documentación previo ás clases, realizado de maneira autónoma
Prácticas de campo	Experiencias prácticas relacionadas coa materia, para ter coñecemento da realidade social e humana que o marco teórico non pode dar
Traballos de aula	Baixo a supervisión da docente, o alumnado desenvolve exercicios na aula
Lección maxistral	Parte dos contidos da materia serán expostos en forma de lección maxistral por parte da profesora. Tamén o alumnado pode usar esta metodoloxía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	TITORÍAS DA DOCENTE E AULA
Prácticas autónomas a través de TIC	TITORÍAS DA DOCENTE
Traballo tutelado	TITORÍAS DA DOCENTE
Traballos de aula	TITORÍAS DA DOCENTE E AULA

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Participación activa e resolución de exercicios/problemas expostos en clase	15	B1 B4 B7 B8 B9 B17 B18	C3 C6 C8 C10 C14 C16 C17 C18 C26 C27 C30	D1 D2 D3
Prácticas autónomas a través de TIC	Participación a través da plataforma se se expuxese o caso, se non, este 10% incluírase no apartado de resolución de problemas en clase	10	B4 B17 B18	C3 C15 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C29	D1 D2 D3
Prácticas de campo	Experiencia práctica para ter coñecemento da realidade social	20	B3 B6 B7 B8 B9 B17	C1 C2 C4 C17 C20 C24 C26	D2
Traballos de aula	Desenrolo de exercicios ou proxectos baixo a supervisión da docente	15	B2 B3 B4 B6 B7 B14 B17	C3 C4 C17 C18 C20 C25 C28 C29	D1 D3

Traballo	Realización dun traballo relacionado cos contidos da materia	30	B4 B17	C22 C29	D2
Presentación	Exposición dun traballo en público	10		C17 C29	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación **continua** implica a asistencia a un 80% das clases. As persoas que superen esta porcentaxe serán avaliadas segundo se define no paso 7 (avaliación):

Apartado A: participación activa e exercicios en clase (15%) + prácticas a través das TIC (10%) + traballos de aula (15%) + prácticas de campo (20%) = **60%**.

Apartado B: execución do traballo (40%) e exposición do mesmo(10%) = **40%**.

A avaliación **final** faise se non se acadou o 80% da asistencia presencial ou non se asistiu a clase. Nestes casos, a parte A será un exame sobre os contidos da materia (50%) e a parte B é un traballo proposto pola docente (50%). O alumnado ha contactar coa docente para ter información sobre o tipo de traballo a realizar. Este tipo de avaliación será tamén empregada para a **segunda convocatoria**.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

Cómpre aprobar o apartado A e o B para superar a materia en calquera das convocatorias (acadar polo menos 2,5 en cada parte).

As datas oficiais dos exames pódense consultar na web do máster:

http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=51&Itemid=170&lang=es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gomez, H., **Educación Física y atención a la diversidad**, La tierra hoy, 2009

Hernández Alvarez, J. L., Velázquez Buendía, R., y Aguado, R., **La educación física a estudio: El profesorado, el alumnado y los procesos de enseñanza**, Graó, 2010

Jiménez Martín, P. J., **Manual de estrategias de intervención en actividad física, deporte y valores**, Síntesis, 2008

Ureña, F., **La educación física en secundaria basada en competencias**, INDE, 2010

Bibliografía Complementaria

Prades, J. y Oriol, M., **Los retos del multiculturalismo: en el origen de la diversidad**, Encuentro, 2009

Toconás, S. G., **Contribuciones para una epistemología de la educación física**, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo/P02M066V03214

A Didáctica da Educación Física: Elementos Curriculares/P02M066V03215

Prácticas Externas/P02M066V03301

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa na Educación Física/P02M066V03216

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/P02M066V03103